


1000





BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número sólo na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

N O T A

Este boletín non publicará máis orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

Balbor, por Gonzalo López Abente.

As romaxes de Nosa Señora da Franqueira, por Ramón Cabañas.

O século XIX, por R. Otero Pedrayo.

Bibliografía da prehistoria galega, por F. L. Cuevillas e F. Bouza Brey.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.

<p>Reloxería ZENITH</p> <p>MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS AGULLAS e ACCESORIOS</p> <p>M. CALVIÑO - Ourense</p>	<p>VICENTE RISCO</p> <p>ABOGADO</p> <p><i>Sto. Domingo, 47-2.^o OURENSE</i></p>
--	--



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Xunio 1927



Núm. 42

B A L B O R

Dormen os homes
o templo está sin xente;
andan ceibas as sombras
que o misterio remexe,
e as áas da vaguedade
baten o escuro ambiente.

Na nave inmensa
as columnasinxentes
e arriscadas o peso
da bóveda sosteñen,
onde os ollos de Deus
palpebrexan lucentes,

A costa é un altar:
alí baixan a frente
as innúmeras ondas
que do lonxano veñen;
e c'un balbor devoto
de pregarias e preces,
eternas pelengrinas,
o bosto templo enchen.

GONZALO LOPEZ ABENTE

Muxía, 1927



As romaxes de Nosa Señora da Franqueira

APUNTES D-UN OFRECIDO

(Seminario de Estudos Gallegos 24-IV-92)



UN a Nosa Señora da Franqueira pelegrín d-unha doença do corazón. Fun duas veces, na festa do Maio e na do remate do vran, e alá tornaría duascentas, si El Señor me dera vida e sande.

Os camiños son longos e de mal andar, encostados e pedreguentos, mais a romaxe ten un segredo felizo que a fai saudosa no relembro: viven n-ela prestixios e encantamentos de edades lonxanas góstase o sabor a xesta brava e vense luces de mirage e escóltanse voces montesias nas que latexa a alma da nosa Terra.

Na festa da primaveira, á luzada do día, saímos de Mondariz - Balneario arrodeando a imaxe de Nosa Señora de Lourdes, patrona da feligresía, levada en procesión, cuberta de rosas, ó son d-unha vella cántiga litúrxica, polos sendeiro sombrizos que suben á ponte de Dornas.

A pouco andar, na xuntia das veredas, á altura de Vilasobroso, atopamos co-a procesión da parroquia da Portela. D-unha e d-outra banda, os xentios pelengrinos detéñense un instante. Arrecenden a groria as follas novas dos carballos e son de cristal as que locen os milleirales orballados. Na serelade do ceo

estalan os foguelles, as músicas aldeás rompén a tocar e dá comezo o trenzado d-uns paxos e reverencias rituais que os séculos viron como foron recollidos respetuosamente de xeneración en xeneración. Os pendóns parroquiais, feitos de grandes lenzos de damasco roxo, adiantanse solememente, e por tres veces abélense en terra, facéndose reverencia, o tempo que os portadóres se axoellan rítmica e ceremoniosamente; as sagras imaxes incruñanse e saúdanse como n-un encontro de rainhas e princesas nun estrado cíptico; mozas e vellas, erguendo os varáis d'ondar camiño rematados n-un feixe de ramiños de fluncho, cantan unha lálana de bendicións axustada a unha vella canturia:

Estrela locente
na noite pechada,
a alma sin guia
pon-a encamihada.

Benzoa mazorcas,
tullas e plornos;
enche d'panello
artesas e fornos.

Benzoa amorosa
a palla e a espiga,
as follas da rosa
e o denle da ortiga.

Benzoa, Señora,
o casal e o tobo,
o niño da rula
e a cova do lobo.

Benzoa o arado,
o legón e o pico,
o san e o tolleito,
o probe e o rico.

Benzoa os carrascos
e os toxos dos montes,
as erbas dos prados,
e as ágoas das fontes.

Benzoa os suores
do santo traballo,
as pingas da choiva
e as pingas do orbello.

Vixia as pasadas.
dos nosos filliños
e pon-los no rumbo
dos santos camiños.

Benzoa os amores
do homilde labrego
e dalle na chouza
quentura e sosego...

As raiolas do sol nacente salen do cumio fronteiro como a columna de ágoa d'un chafariz. O ceo false de ouro e as procesións, xa apareladas, deixando a vereda real entran no monte aberto.

Imos de vagar, envolvellos na soavidade e ledicia da mañán, nunha longa liña, rubindo o sendeiro que corta unha valgeda frocida de carrascos e feitos. Co-as mesmas ceremonias de abatimento de pendóns e saúdo e reverencias das imaxes, xuniámonos co-as procesións das feligresías de Cuntiari, de Mouriscados, de Vina, de Batallans e muitas mais de que me non lembro, que chegan a bo paso por corredoiras e vielros abertos entre lerras labrantias, os santos párfonos ó frente vestidos con rechamantes penos bordados, baixo arcos de rosas de trapo e risfas de édoas de vidro que relozen ó sol, naméntras a nota afiada do punteiro e a forle e briante do roucon van decindo as vellas cancións do tempo dos abós. Descemos por unha estrada londa, franqueada de silveiras e caímos no lugar de Cebreiro; unha dúcia de casas homildes, ergüéllas con rexos sillares de pedra mouta, apretadas en rueiro, que semellan un fato de vellinas rexadoras cubertas e o mantello aldeán.

Ó traspor os lindellos da aldeña ventos a

eirexa do santuario. O sol está alto. Unha grea suente e baxulladora enche o campiño da festa. No adro, baixó o porche en que se abre o belido pórtico románico - e un inxenuo, e fermoso na súa sinxeleza, timpano, onde se admira unha orixinal representación da Adoración dos Sanlos Reises - o mesmo que nas campas que arrodean ás paredes en ruiñas do antigo mosteiro, non se pode dar pasada.

É o mediodía. Químos á misa maior, e, acabada, brincamos en preceiro do xantar.

A tarde mediada, comenza a saída das procesións parroquianas e facémos o viaxe do retorno entre o crámer d'a grea berradora e retoucante.

À festa do vrán, que cai nò dia do nacemento dé Nosa Señora, é a festa fonda e racialmente enxebre. Como na d'o Malo, saímos pol-a mañanciña cedo. Lévaiños outro vieiro: nas pousadas de Paraños collemos o monte raso, trenzado dé sendeiro ándadores, doces ós ollos pol-as soavidades das froriñas das carqueixas e dos toxos doirados pol-as ardentes do agostó.

Atopamos no camiño ós rómeiros que foron de vispora, pesaron a nolle o serán e ouvida a primeira misa, tornan os seus fogares de ribeiramar. Traien accesos farollos de vidro e folladelata. Pasa a nosa veira un fato de rapazas novas: venen descoridas, os cabelos sin peinar, amosando nos oídos mazados os soños e lembranzas da noite pasada, deitadas no adro, ó respirador das estrélas.

O sol quieto. E n-un pequeno descanso, no lombo da montaña, ólamos as terras chans que deixamos ás costas. Na caéira, labrantios verderrollos, milleiraes xa logrados e viñedos en sá dé vendimia: locen azúes e lonxanos os montes da banda de Portugal, o medio arco do cumio de Montemaior, os dentes de serra do lombo do Galileiro, os caseríos de Cheulo e de Mosende, as fondonas por onde corren o río Tea e o río Louro, a liña escura das murallas de Valenza, as outuras de San Colmado de onde baixan os camiños do val Miñor, o Aloia garrido, cheo de lembranzas pre-históricas...

O ventiño desas outuras leva e trai os rexoubeos dos pináculos e as voces latrificadoras dos despénados reguellos montesios.

Pásanos diante un «brasileiro», a cabalo, altancando o camiño co-as alforxas, que van cheas que estoupan, deixando ver os moleles de panfrigo e o bico de corno das botas carreiras que levan o bo visto da terra, o «de contra a parede», gala e orgullo da adega peirucia. ¡Ben que vai, finchado e solene, cadeas de ouro a locir, o «jipijapa» até as orellas, o pantalón a media perna deixando ollar as cintas das cirolas cingundo os calcetins de seda, a ralas verdes e amarelas, mercados en Rio de Xaneiro! ¡Ben que vai o finchado «brasileiro», amontado no seu cabalíño barrufelro, saifefito e maxestoso como un raxá de terras da India sóbor d-un diviño elefante branco!

Repostos a medias, arrancamos de novo camiño adiante. No perguntar non hai malicia. Falamos c-unha velliña que xa torna da romaxe c-un rapaciño nos brazos e unha risira de rosquilles na man:

—¡El, miña señora! ¡El estamos moi lonxe!
—¡Non, señor, non! ¡Ahi, á volta!

Tomolle medo á contesta, porque na nosa fala «ahi, á volta», como «a carreiña dun can», son ditos que o mesmo marcan o tempo de rezar un credo como unha hora de bo camiñar.

De ali a pouco, abafados do ar quente, alabareados de sol, pasamos a velra de «A coutada da Virxe», unha devesa, zarrada sóbor de si, na que se erguen, a montes, as xestas bravas, envaradas e fortes, da cultura de dous homes. Os raios que por riba do valo caien no camiño, están cheos de nudos «feitos c-un dedo». É unha vella crencia, enraizada vinie légoas á redonda: as mocías casadeiras que na festa do nadal de Nosa Señora, pelegrinas da Franqueira, domeando unha poliña de xesta e dándolle voltas e voltas c-un dedo fan somentes, aceran a añudala, casan dentro do ano. ¡Qué cores de cereixa lle saíron ás fazulas a aquela rapaciña que ó pasar, sorpre-samos atafegada en darlle voltas e voltas á ponla de xesta..!

Súpeto,

ecco apparir Gerusalem si vede.

¡El Señor sea loubado, a torre do campa-nario está diante de nós! Novamente nos atopamos ás portas do lugar pelegrino e de repouso.

Os calexóns da aldea, que se reforcen entre as paredes das casas do santuario, ferveñ de xentío que fala a berros e prega paso e rias

gargalladas e fura e brinca, abafada de suor. Aquí e alá, esténdense longas ringleiras de canastos acogulados de bolas de pan, de rosquillas, de melindres e de froitas da terra. O abrigo da parede do norte da eirexa érguese un fume que cega: ven das caldeiras en que o pulpo ferve a cachón.

Hai unha pasantía estreita que do comenzo do adro rube ó porche da ermida pol-a que se adiantan de xoenilos cubertos de tarlatán dos «ofrecidos», levando na man un farolillo aceso ou unha vela de cera atada a unha cana, a moza que fixo voto cando estivo á morte d-unha freve malina, a nai que chorou por morto o filliño que foi a servir ó Rei en terra de muros, a dona que veu, ledizosa, retornar san e salvo o home benquerido, longos anos ausente nas terras ardentes do Brasil ou da Habana.

Tullidos, cegos, lacrados de maus e pernas, róidos de males sagredos, probes e doentes que correron todas as ermidas e feiras e mercados, por oficio ou devoción, axelláronse nos recodos e corrunchos de miso paso, co-as maus tendidas, barbullando cen e cen veces, en ladainha sin fin, os antigos lajos pregadores de esmola: «¡Non hai ben como o da vista!», «¡Mirai como me vexo!», «¡Facédemme o ben d-unha caridade, almiñas boas!... O pé da cancela de entrada ó adro está unha muller cuberta de loito, infa en días louzanos de maturidade, c-un rapaciño no colo. Chorosa, c-unha voz de anguria que corta o corazón, en verbas sinxelas non deprendidas, di a sua colla fronte: «¡É a primeira vez que pido n-un camiño!», «¡Ponde os ollos n-esta disgracia!», «¡Dóume Dios este filliño parbo e cego!», «¡Pido para él que non me deixa ganalo!», «¡É a primeira vez que pido n-un camiño!».

É unha dor que se crava no peito como unha espiñ.

No adro unha charanga e un gallo tocan e tocan sin punto de repouso. O venio arde, A poeira que levantan os beiladores, afoga. É a hora do «paseio de moda». As señoritas el-deáns van e venen, collidas das maus, a falar, a rebullir como paxaros. Hai unha que arrastrá total-as a demiracións dos mozos labregos que a miran c-os ollos moi abertos sin dar creto ó que ven; é unha rapaza alteira, belida, de cor trigueira, que leva os cabelos «a la garçonne».

Os sinos rompen a bater c-un balbordo que abouxa. Os foguetes e as bombas de trono estoupan por dúcias. Comenza a misa cantada. Non hai maneira de ouvíla. A gres, suante, impregnadora, inqueda, revoltada, enche a nave e afraanca as portas. O toque de «santos», entre un crámer doente, unhas mulleres, a chorar e a laixerse, sacan da eirexa un vellón que ven medio afogado e unha moza a quen «lle dou unha dada» e trai nas meixelas os cores da morte.

Cando a misa é acabada, o xentío, como os grans desbullados d-unha mazorca, corre a todolos ventos. Armase un barullo de mil demos por un chapeu que queda atrás, un pano que se racha na loita das apreturas, unha saia tripada que se esgaza ou unha mau atrevida que fura mais da conta en onde non debe.

Entra na eirexa a xunia de bois carreiros, cubertos de manías hordadas dende o rabo ós cornos, que o señor abade foi a buscar, revestido de capote e co-a charanga por diante, para tirar do carro procesional en que sal a santa imaxe de Nosa Señora da Franqueira, labrada en pedra galega de grau negro e duro pol-a mau sinxela d-un canteiro descoñecido do século VIII. Imaxe bendita e milagreira que enterrada catrocentos anos para liberala dos aldraxes dos mouros, foi egora, sin respeto, enlixada c-un policromado lamido e rechamante.

Sai a procesión. O carro de bois, no que foi enxergada a sagra Imaxe camiña devagariño, namentres os devotos puxan os aguillóns de guia do gando. Atento ós ofrecimentos e c-un olllo na bandexa onde vai caíndo o dñeiro das puxas, val o señor abade. Dous pasos mais adiante, trenzan os arquillos e batan os palitroques os mozos e mozas das caltro parexes da danza. É un baile relixioso, de música primitiva, sinxela, sostida, sin variacións, axeitada as reverencias, pasos e axoellamentos de un río vello. Eles, ben escolleitas, son unhas rapazas cheas, roibas, en louzana xuventude, todas por un alior, que levan chambras albercas, cadeas de ouro e collares de vidro ó peito, os cabelos en trenza, as faldas, brancas como as albasneves, garnidas a punta de agulla con encaixes voantes. Eles son a fror da mocidade da feligresía e aparellan garridamente co-as compañeiras: visten pantalóns e camisas de

lenzo branco, un feixe de cintas e charoles arredor da cintura e uns antigos «panos de galería» cruzados polo peito e polo as costas, en xeito de banda. Beilaban trenzando e des-trenzando os cordóns atados a un varal, nun virarse e revirarse tan entrampallado e unhas voltas e revoltas tan súpelas e enguedelladas que mete medo pensar nos centos de ensaios de que tiveron mester.

N-esto, ó paso da Virxe, sóbor d'un taboado erguelto a carón da eirexa, aparece unha figura de home do que pouco mais se vé que un casquete de soldado prusiano, un capote de «villéu» compostelán e unhas barbas longas e pretas. A xente di que é o *Mouro*.

Frente do taboado, diante dos bois xunguidos ó carro da Virxe, está de xoenlos, en adoración, un mozo que ten na man un sombreiro de dous cornos, do xelto dos que levan os Xefes de Administración de primeira clas, visto un casaquín de alerbardeiro relal e calza unhas bolas de media cana a estilo das dos gauchos da Arxentina. A xente di que é o *Cristián*.

Mouro e Cristián encáranse de súpelo, e o primeiro espéitelle a berros ó bo e silenzioso adorador da Santa Virxe un romance de verbas acesas mesturadas de «Já mal, já mal» no que lle ofrece montes e moreas, ouro e pedras brillantes e carretadas, un pazo de prata fina e unha irmán mais belida que unha estrela que está, baixo sete chaves, nunha torre das suas terras da Moureria, en troques de que lle volva as costas á santa imaxe de Nosa Señora da Franqueira.

Ouvida a derradeira proposta, o Cristián feito unha salación élétrica rompe a falar n-outro romance valente. Mete xenio escoito-lo. Non quere alexas, nin casamento, nin torres, nin castelos. El ten de ser, até a morte, cristián e devoto de Nosa Señora da Franqueira.

A disputa, sempre en longas tiradas de versos que unhas veces cadran e outras non, toma mal carís. O Mouro arrinca un charrasco que pon medo, mais o Cristián desenvaina o seu espadín de oficial de correios e dempois de un bo anaco en que batan ferro contra ferro, o Mouro caí morto sin decir al.

A gres que sua a fio, enlouquecida, enrabia-

de ledicia, rompe nun palmo de afronta a campia.

O que resta da procesión é unha desfeita. Como si a todo o mundo lle entrara unha fame de lobo, mozos e vellos corren en precuro do xantar.

O Mouro que, todos os anos resucitado, morre todos os anos o día oito de setembro, é o mouro *Birnarem* de que fala a *Relaçao de tesouros e encantamentos* que se atopa nun pergamiño galego-portugués aparecido o aro de 1.065 no castelo mourisco de Don Gutierre de Alcántara. As liñas que falan de Birnarem din de este xeito:

NÓS

«Ao sul da Franqueira, dez homens de longo no pico do alíño, está encantado nun soutullo o mouro Birnarem, deitado sobre ouro e con zapatos refelidos de brilantes da coroa dun rei godo».

Cando ó cair da tarde dei por acabada a festa e tornaba en boi compañía cara o meu fogar, mirei para o pico do alíño e cavilei con pena que ali estaria xa de novo o mouro Birnarem, metido no soutullo; o bo de Birnarem que se ergue todolos anos para morrer diante do carro de bois, do carro galego, do carro triunfal de Nosa Señora da Franqueira!

RAMON CABANILLAS

O S E C U L O X I X

U N H A V I D A

NAQUILA mañanciña do 1867 o capitán don Antonio vivo que disimulare un amoleamento do seu xenio esgrevio. O fillo camiñaba pra Sant-Iago. O pé da escala era agardaba ea besta o señor Estevo da Poboanza. Os vecinos asomaban o bico polas portas e curros que cinguen o grande campo dos caracochos. No pontillón xa barullaba o reguelo das primeiras augas outonizas.

Otra apera ó rapaz lanzal vestido de pana. Outros consellos pra ocultar aquela cousa que esgarabellaba na gorxa. Logo nin consellos. Aprelas, e cicalas outra onza pr'o bolso. Pra non ouvir os salalos da nai o capitán rubiu adispicio caró monte. Dend'o alto da calzada empredreada, ollando pr'o Poente viu un pano acenando na revola onde rematan os agros e comenzan os penedos da baixada. Logo sollo o camiño, o anequito do mundo i-a sombra erguéndose priguizada do terrón labrego.

O capitán sentado na muradella consideraba na apariencia o eldo qu'il fixera a forza de traballo, esnaquizando pedra, arrincando torgueiras, guiando as augas bravas. Cumpridle terra ó soldado canso. Mais no fondo cavilaba, e pol-o seu espírito cruzaban cada vegada mais espaciados e distantes os ciclos dos anos decorridos.

As primeiras lembranzas: un aer xiado de montaña arrincando pizarras dos treilos; o cantar do eixe labrego faciase medoñento o entrar os carros polas portas da muralla. Os rapaces saian fora d'ela e xogaban, ó acougo do noro, c'us grandes anacos de vidro das fiestras esnaquizados dos torreós. Falaban de non cruzar por certo lugar pol-o espavento de atopar pernas ou testas de ladróns axusticiados. El, o Anlonciño, forte rillote destemido, pesaba sempre. Logo, a longa noite e debullando latín na sala lonxe do fogo pois iste solo quentaba as pernas das persoas maiores. Cando falaba Misia Agustina esvaianselle ó neno as liñas do Nebría ouvindo arquelas históreas das casacas roxas dos ingleses que na fuxida botaron nos puzos o ouro da caixa militar, dos reximentiños de Soult, dos peisanos que baixaban do monte i-ageluñaban polas murellas pra fraguer ós de Lugo novas das partidas.

Unha vegada o resario parouse por unha musiquinha que estrondaba na rúa: seguiron decorrendo os *pater namentras* tremaban os xionllos do rapaz co ritmo d'ataque do Himno de Riego.

Xa d'home (dazaoito anos, viaxelas a cabalo pra entenderse cos rendeiros de centeo e castañas, unha noiva albiscada no oco soinbrizo

da porta pequena da catedral) viñan novas, e novas, da guerra. Os cregos enchián os portais da praza, ollando c'un sorriso prós fidalgos liberales. Un frade dicía: «Lugo échamos a Pamplona de Galicia». Había contos sobre de ouro levado en mulas, pechábanse cedo as portas, rebulía a Milicia Nacional. O tío era o home importante da familia. Estivera en Cádiz o ano 12 e tiña unha lacea acugulada d'obras endiañadas asegún a sua muller. Candio non estaba na casa e chegaba o rapaz para tomar algúna larpeirada, sempre atopabas os anteollos do tío sobr'um libro aberto. Inda lle soaba o autor: Beccaria, Filanghiere. Tiña moita lei ó rapaz e por non o magoar apenas lle falaba do pai difunto. Unha serán levouno d'apaseio lonxe d'onc iba a xente; había fusilamento de fauceosos. O mozo rabeando, tivo que ouvir unhas prácticas sobre cousas nobres e belas ditas con espaciados arrodeios, un pouco oratorios, na campia inverniza.

No propio ano de 1854 entrou na Milicia. No abril do 56 con neve seródea saíron trai-a faveón de Sarmiento. Tiros ó lonxe. Viu un calrista morto n'unha aira. Os labregos chegábanse falando d'il pois ben o coñecían. As lembranzas embulleirábanse. Sí, foi no Malo. Houbo grande medo en Lugo. Chegaba Martínez Villaverde con moita xente: grazas a guardia da ponte non entraron os lanceiros na cidade. Faria dous días que se non vian cregos na praza. Medeaba a maña saíron os milicianos: o colonel primeiro comandante do tercer batallón de Castilla, número 16 D. Antonio García, dispúxoos ben polos muros e valados. Cantaban os merlos nos arboredos; o mozo atinou os primeiros tiros contra os lanceiros de boinas brancas e viu un cabalo levando a zorro, pol-o estríbo o calabre de Vilaverde.

Logo as camiñatas longas gardando convoys pr'a Cruña... O capitán agora sentado no muro non ollaba as graciosas feituras da bocaireira chela de paz; dian'l erguíanse outras terras cincuentas e alongábanse camiños desertos qu'as veces facíanse espaciados frente a Mosteiros e prioratos. Tomaban o queixo da serra e o viño dos maragatos sempre co fusil preto da man. A negra fol pol-o mes de Santiago; camiñaba a Milicia con douscentos homes de tropa. Mandaba un colonel rexo, de poucas falas, sempre co olio no horizonte,

don Bonaventura de la Bárcena e levaban un longo convói pr'a Cruña. O mozo arelaba chegar. Tiña parentes preto da Colexiata, unhas doces primas que gostaban do seu aire de forte mozo montesio e da sua cortesía antiga. Gostaba da mar, e de ouvir falares extranxeiros no Porto. De fixo a segunda visita era prós Massós. Non eran de temer as partidas. No millor chegaron novas; o colonel tiña razón en oller sempre pr'o hourizoute. As que baixaban pol-o monte eran guerrillas de tropas regulares; tras d'elas viñan reximentos esperimentados criados por Zumalacárregui, os millores dos calristas. Era a expedición de Gómez. Gracias a que non tiñan caballería. Bonita aución na que os tiradores chegaban como cobras apontando ós xefes. Polos colos luxian greas de abenza. O colonel divertíase no combate, mais chegaban ás cabezas das colmenas e houbo que salvar o convói car'a ezquerda. Duas legoas de retirada hastre o Mosteiro do Sobrado, pol-o monte, arreando diante as rentas de mulas entre xuramentos e defendéndose lombo a lombo de monte contra aquiles navarros peludos como os osos. Viu caer c'un tiro no pelo ó médico da rúa de Battales. Inda se lle acendía o sangue lembrando como ficou o cadavre no pontillón. Vía o sitio e como os calristas pisaban o morto. O final, un trunfo pois non perderan unha besta e todos acougaron no vasto recinto do Mosteiro. Alí tiñan boa defensa e o nemigo non s'escreu. Os poucos frades que andaban por alí desfaguíanse en cumprimentos e facían que tiñan vendo os soldados desapellar as pipas e cortar xamós e cantar o Himno de Riego nos crastros ecoantes. Tal xenteira lle colleu o mozo a Gómez que saiu voluntario con 30 homes pra picarlle a retirada cando a expedición voltaba de Sant-Iago. Nas Cruces pillaron prisioneira medea guerrilla: un dos calristas rezaba en latín coim'os cregos.

En Mzisia, na Arzúa, en Monterroso, molto camiñaron trai-as partidas, no 56, no 57 e no 58. Nos descansos en Lugo xa entraba na biblioteca do tío, era sonado progresista e gastaba un xenlo enrabechado que lle trouxo mais d'un desafío. Tiña ás veces soedades de non sabía qué. ¿Sería médico? O seu deber impúñase d'un xeito sinxelo: era un home; loitaría hastre salvar a liberdade, i-a nenña bunita e inocente juntala cousiña que treinaba de gozo

no Pazo de Madri cando chegaban a bicérile a mancha os esgrevios xenerales de volta do Norte, do Centro ou do Sul pois a lapa da guerra queimaba a España enteira e por mais rebullian os treidores e gracias a que Mendizábal...

Sí, foi un home, pensaba apesares de que lle viñan á memoria us distingos moi ben argallados pol-o tío. Home de lei ó fin respeitoso c'os doces veleces que son a ledicia das boas dixestíos e das conservas nos xardíns de buxos...

Endexamais gastara es horas en tales cavilacións. Xa non lle importaba a sua vida desque se fixera señorote d'aldeia. Era novo i-aquiles anos de milicia pouco representabean pra illa. Unha carreira botada a perder por un pulo de xenio. Sentía unha mudanza no ser. Agora o fillo caminaba pra Sant-Iago. O paínantronte era mozo. Un fillo no Instituto fai novo ó pal. Ollando camiñar o fillo pr'a Universidade sabía que con il caminaba car'un vivir moderno o propio ser do paí dispondo a facerse o que non poidera chegar pel-a guerra d'aquela loita pel-a Liberdade e o espertar nas mañás de neboeira con anclas de botar a terra un nemigo... «Pra que meu fillo se desperre ca arela d'un novo libroiven eu que espertar na palla do Maestrazgo pra desmontare un xineite de Cabrera, escudriñaba.

¡Don Ramón! A bandeira negra asombra dende Morella, Cantabria e Segura tudo o cerne da Iberia. O capitán sentado na muradella, choutaba na lembranza pr'o final do 1875; foi a Guipuzcoa co batallón franco de Lugo. Os valles estreitos, os ríos despeitándose sobre laxes e croyos, un verdore misturado c'as néboas baixas e c'os falores vescos que se van apegando ás pedras, os santuarios i-os fogares e fan sentir ó estranxeiro un isolamento qu'il quixera romper e non pode... Estivo na toma das liñas de Miravete. D. Carlos andaba como un ser mitológico e contudo presente iral-a liña de fogo. Os batallóns navarros eran penedías que habían de ser esnaquizados grau a grau. Lembraba as maldicíos das vellas cando a columna liberal (Xá estaba no batallón de Gerona) cruzaba o pé da ermida de Nosa Señora de Aranzarín. O seguinte ano, 1840 foi o Maestrazgo.

NOS

Eran dous exércitos diferentes. En realidade Navarra, Vascovía, Castela, Aragón, Cataluña, Galicia tiveron cada unha a sua guerra civil. Difrente en cada terra. No centro foi unha causa única. As ordres de duque da Victoria D. Antonio estivera na toma da praça e castello de Morella. Terras de cinza e pedra mia alepeadas pol-o sol, montañas secas mais feras qu'as que o inverno envolve en neves, valles sen auga, costas sen brétema, ríos sen frores. Azul, arume e loita. Cabrera e a sua xente eran unha grea de feras marelás e famentas, de gadoupa supela e canda pilos e sempre inquietante. O capitán surprendiase agora dos anos que levaba na doce preguiza da aldeia falando longamente c'os peisanos, compondo as contas vellas da casa, esculcando a medra do millo, o agromar das corballas, a rega dos lameiros. Cando alancaba pol-as terras do Maestrazgo non se figuraba afacerse a quietude solene dos ciclos da labranza. Entón nos campamentos, nos garnizós, na noite atreboada de cospirata, sempre s'alportizaba o xenio do capitán. Sentado na muradella homilde do eido criado por il, xurdiale a visión crara da campaña de Morella. O «lobo cano» como Cabrera chamaba a Oráa, o frio estranxeiro Van Halen non poideran desanistar os calristas d'aquila cultura temerosa. O capitán tembraba a chegada das columnas sofridas, tristeiras, baxo o ollar morno dos xefes. Cando se fixo o convenio de Vergara chegou Espartero. Os soldados amaban aquila figura feita pra dominar moitedumes levadas por un entusiasmo sinxelo. O seu morrón era pra eles como o casco d'un xefe de cruzada. Do 20 ó 30 de Maio do 40 foi a toma de Morella. O capitán lembraba o silencio das ruas estreitas i-esporentes cheias pol-o befo da quentura, sangue, famé e pólvora do sitio e do bombardeo. O 4 de xullo os batallóns entraron a bayoneta en Berga baixo a voce atreboada de D. Baldomero. Das casas xurdían os tiros misturados c'os terribles xuramentos catalás. O caler os cañóns do deradeiro forte D. Baldomero chamou os oficiais distintos. O capitán recibiu unha apera e unha cruz. Rematouse a guerra o 31 de Agosto e con ela un tempo da hestoria de Iberia.

Deseguida emprincipiou outra vida e outra loita. Os calristas treidores a sua lei, e os mer-

cadores de bés dos conventos mandaban en Palacio. O exército e a opinión liberal tiña os ollos postos en Espartero. O capitán estando en Zaragoza foi dos primeiros en botarse á rua. Tifia diante si unha grande carreira militar. Mais o xenio franco e alporizado bô pra guerra non foi doado pra vivir desque se fixo a paz. Non se quería lembrar de cando tivo que escachar unha botella na testa d'un colonel oficinista.

«Entón se decidiu a miña vida» pensaba. «Vin deserrado pra ista aldeia, caseime e son un fidalgo de pouca terra. A herencia do meu tío de Lugo foi pros cregos. ¡E pra iso forma-

mos a guerra civil? ¿Qué sería d'aquiles libros qu'il gardaba na alacea?»

O capitán D. Antonio baixou de vagarcíño cara casa. Seu fillo seria o qu'il non podía ser. Era un rapaz franco, traballador, namorado dos ouzos ideais que o pai apenas tivera tempo de albiscar na foguelra da guerra. Sentíase forte, tranquilo e ledo no seu homildoso renunciamento. «Agora as batallas ganaron-se c'os libros». O sentarse a mesa sentiu a saudade do fillo lonxano, misturado co orgullo de tel'o estudiando na Escola Compostelán.

R. OTERO

Bibliografía da prehistoria galega

(Proseguimento)

59. - DOMINGUEZ FONTELA, Juan. «El Monte de Santa Tecla. Importantes hallazgos en La Guardia». Boletín de la Comisión provincial de Monumentos históricos y artísticos de Orense. Vol. VI. N.º 139 (1921).
60. - «Descubrimientos arqueológicos en Santa Tecla». Boletín de la R. Academia Gallega. año XIV, n.º 131 (1919).
Véxase FONTES.
61. - EIJÁN, P. Samuel. «Historia de Ribadavia y sus alrededores». Madrid, 1920.
62. - FERNANDEZ ALONSO, Benito. Galicia Prehistórica». Boletín de la C. P. Monumentos H. y A. de Orense. Vol. III, páxs. 292, 327, 347 e 368 (1903).
Dólmenes en Estrimo e arte rupestre.
63. - FERNANDEZ GIL y CASAL, Juan. «Sobre la identificación de las insculturas del Monte Mogor con la moneda de Cuossos». Boletín de la R. Academia Gallega. Ano IX, número 108 (1916).
64. - «Sobre insculturas rupestres en la provincia de Pontevedra». Boletín de la R. Academia Gallega. Ano XI, números 103 e 108, páxs. 193 e 279 (1916).
65. - «Apuntes arqueológicos». Boletín de la R. Academia de la Historia. Vol. LXVIII. Madrid 1916, páxs. 29 a 46.
Reproduz duas insculturas e material asentado en casiros, así coma un machado de alvado. Fala de sepulturas romanas con cerámica pintada.
66. - FITA, P. Fidel. «La Mambla celto-romana y epigráfica de Bretal». Boletín de la Real Academia de la Historia. Vol. LIX 1911, páx. 412.
Novas tomadas de manuscritos de Frey Martínez Sarmiento na propia Academia encol de mámoas galegas, de que falamos más adiante.
67. - FONTES J. «Estación paleolítica de Camposancos (Pontevedra - España). Revisión BROTERIA. Ser. II, Vol II, Caminha, 1928.
Iste mesmo traballo apareceu traducido no Boletín de la C. P. de Monumentos H. y A. de Orense. Vol. VII, n.ºm. 160, Xaneiro-Febrero de 1918, baixo o título «La Estación Paleolítica de Camposancos. La Guardia, Pontevedra» e precedida de un prólogo de D. Xohan DOMINGUEZ FONTELA nomeado «La Estación Paleolítica de La Guardia», páxs. 241 a 244.
Aparición de alicls asturianos que se dan trabucadamente como chelenses.

68. - FORTES, J. «As fibulas do Noroeste da Península». Revista PORTUGALIA. Vol. II fasc. I. páxinas. 15 a 33. 1906.
 Trat. unha fibula de La Tene da colección Blanco Cicerón.
69. - FRANKOWSKI, Eugeniusz. «Hórreos y Palafitos de la Península Ibérica». Madrid. 1918. Ciudad lacustres gallegas.
70. - FULGOSIO, Fernando. «Monumentos prehistóricos. La piedra vacilante de Silva Boa». Galicia Diplomática. Año III, n.º 16.
71. - GARCIA, Higinio. «El monte de Santa Eufemia antigua Abobriga? Boletín de la Comisión de M. H. y A. de Orense. Vol. VI, páxs. 491-502. Nov.-Dic. de 1922.
72. - «Exploraciones arqueológicas en «Monte dos Castelos». Entrime, Orense». - Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Arqueológicos de Orense. Vol. VI, núm. 143 Marzo-Abril de 1922, páxs. 390 a 396.
 Novas confusas de estación prehistórica, dólmenes e inaculturas, resto de vivendas.
73. - GARCIA DE LA RIEGA, Celso. «Galicia Antigua. Discusiones acerca de su geografía y de su historia». Ponferrada, 1904.
 Arte rupestre, Interpretación de testos antiguos, etc.
74. - GARCIA ROMERO, Celestino. «Galicia y las Islas Británicas en tiempos remollosos». Boletín de la R. Academia Gallega. Año XX, números 170, 171 e 172 (1925). Epigrafía comparada.
75. - «Un templo primitivo en el colo de Amoreira». Boletín de la Real Academia Gallega. Año XVII, núm. 148. 1922.
 Estación prehistórica da serra de Barbanza, consistente ao parecer en penedos con fangos.
76. - «El gallego y el latín». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense, números 163, 164 (1925), 168 e 169 (1926). Defensa do protohistorismo do idioma gallego.
77. - «Una visita al Santa Tecla». Boletín de la R. Academia Gallega. Año IX, núm. 104. 1916.
78. - «Santiago y el burgo tamárico de Solovio». Revista ULTREYA. Núm. 7. Santiago. Octubre de 1919.
 Menzais castros de esta bisbarra.
79. - GARCIA TEIXEIRO, Miguel. «Castroverde, Pequeñas jornadas por su distrito». Lugo, 1918. Volumen I, páxs. 119 e sigts. e 169 e sigts.
 Castros. Palafitos en Espanya. Mámoas e Dólmenes.
80. - «Sardegos de la comarca de Castroverde de Lugo». Lugo, 1920. Machados de pedra.
81. - GONZALEZ DEL RIO, Jesús. «El Dios Arminio en España». Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos. Año XXVIII, pág. 202.
 Arte rupestre gallego.
82. - HERNANDEZ SAMPELAYO, Primitivo. «Hierros de Galicia». Memorias del Instituto Geológico de España. Madrid, 1922.
83. - HÜBNER, Emilio. «Variedades. Galicia histórica y prehistórica». Boletín de la R. Academia de la Historia, vol. XL, 1902, pág. 547. Tomado da Revista Crítica de Historia y Literatura. Año I, núm. 12.
 Gaba os traballos da Maciña que antaqe deixante en aprestar como feitos os romanos de Barres e o camiño de Serra Paladeira, pois il cíldaos romanos.
84. - IOLESIAS VILARELLE, Antón e PINTOS LOIS, Octavio. «Sección Arqueológica». Revista NOS, núm. 16.
 Notizas de estazones prehistóricas.
85. - JALHAY, Eugenio, S. J. «El Asturiense en Galicia». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense. Vol. VII, núm. 168, Nov.-Dic. 1925, páxs. 341 a 352.
 Estación asturiense de São e novos xacementos de A Guarda.
86. - «Los grabados rupestres del extremo sudoeste de Galicia (Alrededores de Oya, provincia de Pontevedra)». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense. Vol. VII, núm. 167, páxinas 373 a 385. 1926.
 Arte rupestre de esas bisbaras.

87. - LA GÁNDARA, Fray Felipe de. «El Cisne Occidental. Canta les palmas y triunfos eclesiásticos de Galicia». Derradeiro terzo do s. XVII.
Fala de cidades asulagadas
88. - LA IGLESIA, Santiago de. Preistoria gallega. Notas para un catálogo». Almanaque ferrolano para 1907.
Descripción dos ouxelos da colección do autor.
89. - LEITE DE VASCONCELLOS, J. «Religiões da Lusitania». vol. I, pág. 266, 1905.
Cita os dólmenes gallegos das Pontes de García Rodríguez e de Mondoñedo.
90. - LOPEZ DE VICUÑA, Ramón. «La piedra con signos del Monte dos Bicos». La Voz de Galicia, diario de La Coruña, núm. 5293, 15 de Agosto de 1898.
Artigo pondo reparos ó de Martínez Salazar (véxase) sobre do mesmo exemplar da arte rupestre.
91. - LOPEZ FERREIRO, Antonio. «Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela». Tomo I. Santiago 1898.
Hachadegos de ouxelos prehistóricos.
- MACALISTER. - Véxase BREUIL.
92. - MACÍNEIRA, Federico. «Investigaciones prehistóricas de Galicia». La Ilustración Artística. números 684 e 687, páxs. 126 e 174, Barcelona 4 e 25 de Febreiro de 1895.
Dólmenes e túmulos das Pontes de García-Rodríguez.
93. - «Burum». Almanaque ferrolano de 1909, pág. 121.
Identificación de esta localidade antiga coa actual Barca e novas de molmentos prehistóricos.
94. - «San Andrés de Teixido». La Coruña, 1922.
Reproduz un machado de pedra de S. Andrés e outras lembranzas prehistóricas.
95. - «El Castro de San Saturnino». Almanaque de Ferrol para 1906.
Hachadegos de un torques ou brazalete de ouro e de unha fibula do tipo de Sobroso.
96. - «Los fenicios en Galicia». La Ilustración Española y Americana. 30 de Agosto de 1896.
Hachadegos de un paxel de bronce.
97. - «Ejemplares gallegos y portugueses de la escritura bermesférica». Boletín de la R. A. de la Historia. Vol XI, 1902.
98. - «Prehistoria de Galicia». Galicia Diplomática, 1895, números 20 e 21.
Traballo incompleto por suspenderse a publicación da revista no número 25.
99. - COMUNICACION do achadego de un machado de bronce da freguesia de Senra, lugar de Sá a catro legoas de Ortigueira. Galicia Diplomática. Ano 1892, núm. 2, pág. 15.
100. - «Piedra oscilante de Samarugo». La Voz de Galicia, diario de La Coruña, 14 de Agosto de 1896.
101. - Resto de una pesquería en Galicia. La Voz de Galicia, diario de La Coruña, 23 de Xunio de 1896.
102. - «Castros prehistóricos de Galicia. Apuntes para su estudio». Revista Crítica de Historia y Literatura española, portuguesa e hispano-americana. Ano II, núm 4. Abril 1897; Agosto e Septiembre 1897, números 8-9, pág. 264; números XI e XII año IV, Noviembre-Diciembre 1899, páxs. 493.
Inclarzación en pequenas cistas no Castro de Vila dos Cotos (Ortigueira), etc.
103. - «La Silla de la Coronación de Inglaterra y la Piedra de Scone». La Coruña, 1911.
104. - «Arros». Boletín de la R. Academia Gallega, números 42 e 43, 1911.
Identificación de esta localidade antiga e demás.
105. - «Otra empuñadura de antenas de Hallstatt encontrada en Galicia». Boletín de la Real Academia Gallega. Tomo III, núm. 25, 1909, páxs. 1 a 6.
106. - «Un nuevo torques gallego de oro». Boletín de la R. A. Gallega. Tomo XIII, páxs. 347 e seguintes e 385 e segls. Números 184 e 185-186 (1925).
107. - «Relaciones marítimas entre el Norte de Galicia y las Islas Británicas en tiempos Prehistóricos». Boletín de la R. Academia Gallega. Tomo XIV, páxs. 73, 104 e 140. Números 161 e segls. 1924.
108. - MARTINEZ PADIN, Leopoldo. «Historia de Galicia. Vol. I. Ano 1849.

- 109.—MARTINEZ SALAZAR, Andrés. «Prehistoria coruñesa. Las piedras con signos del Monte dos Bicos». *La Voz de Galicia*, diario de La Coruña, 8 de Agosto de 1898.
 Descripción e estudo de este monumento de arte rupestre galego descuberto por D. Francisco de la Iglesia. Tral un grabado a tres columnas de pedra nomeada «O altar».
- 110.—«Sobre apertura de mámoas a principios del s. XVII». *Boletín de la R. Academia Gallega*. Ano IV (números 26, 27, 28, 29, 30 e 31) e Ano V (números 32, 33, 34, 35 e 36). 1909 e 1910.
 Relación dos procesos entabillados polo Lic. Vázquez de Orlas. Danse novas de emprazamento de mámoas na Galiza do N. de Centro e do W. Folklore.
- 111.—MARTINEZ SANTA OLALLA, J. Receson do artigo de Dr. FONTES «A estación paleolítica de Camposancos», no *Bulleti de l'Asociació Catalana de Arqueologia, Etnografia i Prehistòria*. 2.º fasciculo do 1925.
 Atribución ó asturiano dos seixos de Súa.
- 112.—MEAKIN, Aneite M. B. «Galicia, the Switzerland of Spain». London, 1909, páxinas 273 a 275.
 Referencias a insculturas gallegas.
- 113.—MENENDEZ PELAYO, Marcelino. «Historia de los Heterodoxos Españoles». Tomo I. Madrid, 1911.
 Hay segunda edición refundida. Religión, costumbres, supersticiones.
- 114.—MOLINA, Licenciado (Bartolomé Sagrario de). «Descripción del Reino de Galicia y de las cosas notables del». Mondónedo, 1550.
 Hay edizones de Santiago? Valladolid? de 1590 e de Madrid de 1675. Palafitos.
- 115.—MORENO, Venancio. «Informe leído a La Comisión provincial de Monumentos por su socio encargado del examen de las piedras halladas en el Monte de Codesás, Distrito Municipal de Melón, Partido de Ribadavia». *El Heraldo Gallego*, periódico de Ourense, 7 de Mayo de 1874.
 Refírese ó dólmen con insculturas de Codesás, publicadas por Murguía.

(Rematará)

FLORENTINO L. CUEVILLAS e F. BOUZA BREY

**A Man de Santiña: Farsada en dous pasos
 No Desterro, Da Terra Asoballada, Vento Marciro
 Na Noite Estrelecida, O Bendito San Amaro
 e A Rosa de cen Follas**

poesías do poeta da raza RAMÓN CABANILLAS Pedidos a LAR - A CRUÑA

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Notas do folclore da Arbo (Pontevedra)

DUAS PRÁTICAS Ó TEMPO DO NACIMENTO

1.º Pra sacal-o enganido

As *sacamadeiras* ou *sabias van coa parteira* e o neno á irexa e móllanlle a cabeza con auga bendita.

E condición precisa que esté lispido por completo.

Dempois de isto fanle c'un allo unha crusa na frente.

Ainda o levan ó altar maior, levantan a pedra da ara e pasen por baixo e por riba duas ou tres végadas ó doente.

E pra finar de sandalo danlle a beber en pingolas un mexunxe formado de viño, incenso, e mel.

2.º Pra que o neno sexa rico

Móllase unha moeda, podendo ser de ouro, en viño, e daselle a chupar á criatura.

PRAÍTICAS O TEMPO DO CASAMENTO

1.º Si o cambiar os noivos no acto de se casar, as moedas ou arras, lle cae algúna no chau pertenceulle o sacristán.

2.º Se non deben botar foguetes nas festas dos casamentos. E sinal de que se han levar mal despois de casados.

En col de isto hai o refran:

na boda non botes foguetes

Porque dempois andase os moquetes.

Comunicada por

RAMON MARTINEZ LOPEZ

Os tres irmáns

HABIA unha vez un pai que tiña tres fillos; un dia o pai morreu e, como era mui probe, so lle deixou os fillos unha manta vella e pequena. O chegalo-a noite os tres irmáns fóreronse deitar e cubrironse os tres coa manta; pero como esa non chegaba pra os cubrir ós tres, estaban toda a noite puxa d'un lado, puxa do outro.

Entón o maior d'eles cavilou do enganar o mais pqq eno e pola mañán foi onda él e dixolle;

— Ay ó! Sabes que podías vender a tua parte da manta?

— Eu vendo, ó, vendo. Pro ha de ser esa condición de que me hei de deitar entre volos dous.

— Pois xa está!

E remaleron o tralo.

Pol-a noite fóreronse deitar e, coma acordaran o mais pequeno deitouse entre illas os dous. O pouco tempo emprincipiaron os dos lados a puxar da manta cada un do seu lado, e o mais pequeno, moi acochadiño entre illas, non fagüia mais que dicir:

Coitadito do que vende
que non puxa nin estende!

Coitadito do que vende
que non puxa nin estende...!

Os labregos e o xuez

MORREU n'unha ocasión un home e deixou tres fillos. Antre as cousas que estos herdaron, había unha casa e os tres se querían quedar co'ela. Como non se puxesen de acordo, determináronse ir a mañán seguinte onda o xuez pra que il decidise.

E así o fixeran.

Antes de sair o sol, puxéreronse en camiño e, indo por un carroiro antre dous campos de centeo, que xa estaba grande, dixo o maior, que era o que iba de diante:

— Ay, ó! por elqui pasou un cabalo que era coxo de unha pata de diante!

— Era torto! — dixo o outro irmán que iastril.

— E rabón! — engadiu o outro.

N'esta conversa chegaban a casa do xuez, mais o mesmo tempo entrhou n'ela un home que viñera tras d'iles e que ouvira o que faláron. Este home entrou onda o xuez e dixolle:

— Ises tres homes que ahí están roubaronlle un cabalo a un meu veciño.

— E logo como o sabes? — perguntouelle o xuez.

— Porque eu viña preto d'ibes e ouví que se dabán us a os outros as señas do cabalo: dicían que era coxo e torto e rabón e ise cabalo botouelle o meu compadre onte a noite.

Chamou o xuez aos tres irmáns e contoulles o caso dicindolles que se espricasen, senón que os melia na cadea.

— Eu nin xiquera lle vin o tal cabalo, señor — dixo o irmán maior — soupen que por ali pasara un cabalo coxo, porque se vian as señales na terra e unha das ferraduras estaba mais calcada que as outras.

— E eu — dixo o outro irmán — dixen que era torto, porque os canteos dun lado estaban comidos e do outro non, sinel de que so via dun lado.

— Pois eu dixen que era rabón — rematou o outro — porque ainda non salra o sol e os canteos estaban cheos de orballo, e si o cabalo tivese rabo, o andar dando coil dun lado pro outro, había tiral-o.

Satisfeito o xuez con estas razás mandou retirar os tres irmáns dicindolles que ainda non podía resolver o seu asunto astra o dia seguinte, pro aquela noite ceaban e dormian na casa d'il.

Foron cear os tres irmáns e puxeronlle na mesa un cabrito asado.

— A cabra que pariu iste cabrito, pariu outro o mesmo tempo — dixo o maior dos irmáns.

— E amanantouna unha cadea — dixo o outro.

— E non sabedes unha cousa? — dixo o mais pequeno — O amo evos fillo d'un mouro!

Unha criada que por ali andaba, ouviunos e foillo contar o xuez.

A mañán seguinte, perguntalles o xuez como sabian o que dixeran a noite antes.

Soupen que a cabra que parira o cabrito, trouxera dous xuntos dixo un d'iles — porque o cabrito tiña as costelas dun lado mais delgadas que as do outro de estarre arrimado o seu irmán.

— E eu soupen que o amanantara, unha cadea porque lle votei os osos a un can que por ali andaba e non os quixo comer; de ahí saquei que tiña algo de can.

— Pois eu dixen que vostede era fillo d'un mouro, porque quando se sentou a veira do lume puxo os codos nos xoenzos e a cara nas ánus que e a postura dos mouros.

Entón o xuez colleu un coitelo e loisc onda a sua nai e dixolle:

— Ay mi nail a min dixéronme que era fillo d'un mouro. Il é certo?

— Será, fillo, será. O teu pai tivo un criado mouro na cesa e pode que sexas fillo d'il.

Voltou entón o xuez onda os tres irmáns e dixolle:

— Pra resolver o voso asunto limos faguer así: Ide a sepultura do voso pai, cortaielle a cabeza e traguédema.

— Vamos alá! — dixeran os dous irmáns maiores.

— Non — dixo o mais pequeno — quedáivosvos coa casa, mais eu eso non o fago co meu pai.

— Está ben — dixo o xuez — Ti eres o verdadeiramente fillo de teu pai. Tua é a casa.

Colleitados no concello de Lobeira, por

XAQUIN LORENZO

Lobeira-27-V-927

Ditos referentes a Xentes e pobos (1)

Mintirás, os de Cibreiros,

Poucas verdades hai en Boeiros;

Teares vellos, Chaodarcas;

Pica toxos, Anduriñas;

Pecha pan, Outeiromeao;

Laxes duras, Cimadevila;

Zarramangueiros, os de Pioselo;

Bouceantes, Casimartín;

Abogados, Caspiñón;

Pleiteantes, no Outeiro;

Xente noble, Santa María;

Carniceiros, na Derrasa;

Carpaceiros, no Penedo;

Calzafouces, en Pedraio;

Altas sebes, na Medorra

I-alá val a conta toda.

Istos lugares, menos a Derrasa, son os que formaban a parroquia de Santa María de Moreiras, antes do derradeiro arreglo parroquial.

Recollido por BEN-CHO-SHEY

Santa María de Moreiras. Ourense.

(1) Véase o número 58, onde publicaramos os de camiño dos cantares recollidos por Castelao en Carballeda (Cotovado). O Dr. Gabriel María Vergara Martín ten estudiado este asunto na Hispánia nos libros siguientes: *Diccionario geográfico popular de cantares, refranes, adágios, proverbios, locuciones, frases proverbiales y modismos españoles; Cantares, refranes y modismos geográficos empleados en España con relación a otros pueblos; Carácter y cualidades de las diferentes regiones españolas, según las frases populares empleadas acerca de ellas; Cosas raras o curiosas de algunas localidades españolas según los cantares y frases populares; Apelaciones que aplican a los habitantes de algunas localidades españolas los de los pueblos próximos a ellas, nas quais atópase material de comparanza*. Iste asunto nono esqueceron os Sres. da comisión do Folk-lore galego (constituida no ano 1883, baixo a presidencia de D.º Emilio Pardo Bazán), e figura nas preguntas 88 e 89 do questionario publicado por illas.

Os homes, os feitos as verbas

LIBROS

A ROSA DE CEN FOLLAS, por RAMÓN CABANILLAS. Mondariz-Balneario, 1927.

A obra cabaniliana enrevenlouse c'un libro mais, qu'o Poeta da Raza nos presenta com'obra de mocedad, con certa vergonza d'amostral-a intimidade d'un curazón tenro, que pensa que xa non se levan, e, com'acohándose atrás dos nomes de Rosalía, de Bequer e de Heine. Discúlpase e lle non quer dar importancia a iste libro, que tirou o tido d'un dos mais punxentes poemas de *Follas novas...* Por si ainda queda algún balcón frrido...!

Non sabemos si queda algún balcón frido. Se cadra, as enredadeiras vanse murchando apegadas ó cemento; agora hai froles de goma pra s'enfeitar as donas que mercan na botica a fermosura. Mais a moda é molto mais superficial do que se pensa, e por fin, ou todo volve ó seu, ou vaise embora... E de todos xeitos, ainda hai quen cheire o recendor da rosa d'amor que mesmamente semella pol-a sua nobreza, collida no xardín de Rosalía. Sómentes co olido da rosa ten comparanza a sentida vaguedade d'esta poesía purificada e limpa de tantas cousas que fan pecar ós poetas. Iste lírismo puro, tan dentro do poder d'expresión do Cabanillas, que non sería o Poeta da Raza si non fora tan gran lírico como é.

O engado d'isles poemas, pol-o demais, de requintada maestría, ben se vé, está en como transparez o sentimento na sinxela crariedade d'unha forma nida, cristeña e pura.

Supomos qu'o Cabanillas non ha ter pesar ningún por ter dado ó público istes fermosos poemas d'intimidade. E non é que non tivera xa dado nota semellante n-outros libros; Cabanillas é o mais compreto, o mais vario, o mais multiforme, o más rico, dos nosos poetas de todolos tempos. Sómentes agora, na *Rosa de cen follas*, hai mais sobriedade de forma, com'en Rosalía.

V. R.

A FIESTRA VALDEIRÁ, por RAFAEL DIESTE. Sant'ago, 1927.

ANDA pol-as tendas de libros, d'unha das cuales chegou á nosa mesa, esta comedia mariñeira do tan notábel conxista de *Dos Arquivos do Trasno*, contista que tamén asoma ó final do libro con catro historias delicias: *O neno suicida*, *Na morte de Estrela*, *Espresso de nenos* e *O grandor do mundo*, de raro e delicado sentimento.

A Fiestra valdeira é unha comedia mariñeira, de xeito simbolista, onde s'espalla a y-alma estrana, e nobre da xente que loita co mar, alma que ainda latexa forte con toda a fidelguia no vello mariñeiro, Enriquecido, de quen os seus a quixeran botar. O asunto móvese arredor d'un cadro; ond'un pintor puxo ó ex-mariñeiro diante d'unha fiesta pol-a que s'enxerga o mar, as lanchas, os peiraos... Simbolo da y-alma e do pasado do vello novo rico. O Dieste chama á sua *Comedia de remate ledo*, porque o ten, porque por fin hai unha conversión, e trunfa a y-alma mariñeira, e trunfa a arte co-ela.

A obra val ben desenvolta, e ademais pódese represantar; non é sómentes teatro de lér. É unha obra mais que nos ven abrir ainda mais o degaro d'un teatro galego. Crerá que cantoi mais se produza, mais se fará sintil-a necessidade de crealo, e ha chegar o dia en que xurda arremuxado á nacencia pol-a obra escrita.

O Dieste traballa tamén a lingua con amor e sabiduria. Vese que tamén il é dos qu'apuntan verbas ás furladelas, com'o Nogueira da sua comedia.

A Fiestra valdeira cecals sexa menos rara qu'os contos, mais resulta tan feita, e con tanta emoción, embora mais doce e mais sinxela.

V. R.

LEA VOSTEDE A **L A R** QUE SE EDITA
NOVELA GALEGA MENSUALMENTE

LIBROS GLAEGOS

FÁBULAS GALAICO-CASTELLANAS,
por AMADOR MOTENEGRO SAAVEDRA.
Lugo, 1927.

VENEIQUI un libro fadado pra ser popular, un libro dos qu'a xente mais busca e lê. O autor esprica nas verbas limpias conqu'empriencia o libro coma naceu n'il a vocación de fabulista, lendo de neno a Iriarte e Samaniego, traducindo logo a Esopo e Fedro e despois a Lafontaine, Campomor, Hartzenbusch, etc., e com iste libro é recensión d'outro publicado no 1892, aumentado con novas fábulas compostas dend'entón.

O xénero clásico por mais que sexa, na forma definitiva que chegou a coller, d'origen oriental, non é dos mais cultivados entre nós, anqu'a fábula en prosa - no conceito que dá d'ela por exemplo Van Gennep - e n'outra forma diversa da consagrada, abonde no noso folk-lore. Iste feito dalle más intrínsicas do libro do Sr. Montenegro Saavedra, forá dos seus intrínsecos méritos de gracia, bon senso e san filosofía, da facilidade e arte con qu'están escritas e do galego rico, anque un pouco desigual e cecais demasiado popular qu'emprega nas que están na nosa léngua, que son as más (45 das 72 e un poenitencia que contén o volume). Por certo que non delixa de ter chiste a disculpa que da por pôr ó último as castelanas...

Ser, é un libro da antiga escola dos nosos escritores do século pasado; o feito mesmo de ser bilingüe sona xa un pouco arcaico, pois hoxe, os nosos escritores qu'escriben nas duas lénguas, pubican aparte as cousas galegas das castelanas. Mais iste mesmo sabor antigo por pouco adoiteido, dalle intrínsicas, e non lle tira nin migalla do mérito que ten, antes poida que pra moitos seña por elo millor.

S. N.

Non deixe de mercar

COUSAS por **CASTELAO**

Prezo CATRO pesetas

LETRES D'AFORA

DÉFENSE DE L'OCCIDENTE.
de HENRI MASSIS

PUBLICASE na mesma colección «Le Roszau d'or» no que figura o libro de Berdiaef xa lembrado na Revista NÓS. Precísase unha cronicación e un estudo esgotador das doutrinas sobre a decadencia d'oucidente - s'hai quem teña ánimo d'abondo pra enxergal-o problema d'un xeito ouxetivo. Pol-o pronto temos un feito: xa non ha espíritos europeos e cada esquierdor loce as coores do seu medeo nacional. ¿Un ben ou un mal? Eu coldo qu'un ben. Pois cícalas s'afunda Europa seguidor rexo o espírito de cada nación (verdadeira) do mapa de Europa.

Massis volta coma moltos, os ollos á Edade Media, quer o trunfo d'aquél ideal «de perfección e unidade cristiana» disposto pra dominar o mundo enteiro. Cristianizando a Asia salvárase ela, Europa e o mundo. Unha das cousas orixinales do libro de Massis atopase na interpretación que concede ó papel de Alemaña. Pra il a Xermania asoballada e desarmada vingase de cultura mecánica do Oucidente e ó mesmo tempo xustifica a sua desfeita, reposando no seo da concencia oriental. Os misticos, lavistas, confucianistas mais ou menos modernizados polos Gandhi, Tagore, Okakura e outros son resibidos como en ningures na terra do idealismo, do «Werden» e do Inconciente. Keyserling é o profeta do Oriente. Tamén é oriental a creencia do sovietismo pois Massis pensa que o pobo ruso endexamalas se ergueu porriba d'unha relixión de folk-lore. Massis frente do cristianismo da Edade Media, soilo salvador do mundo guiado pola verba de Cristo, pon lida a grea do Anticristo (bulismo, lavismo modernizados, bolchevismo, facismo e humanitarismo).

Massis coma bô francés non condensa o humanismo enxergado no senso amplo. Oigoal que seu xenial devanceiro (devanceiro en tantos camiños!) Peguy pensa atopar en Homero, en Sofocles, en Virxilio un preludio do abrente cristiano. O eslavo Berdiaeff olla nas Humanidades o principio da morte espiritual da Europa. O final cada un da sua terra.

SANATORIO QUIRURJICO

RIBEITORES

Manuel Peña Rev.

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Circus aeruginosus

Especialista na dorxa, pariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todas as condicíos precisas.—Prestase toda clase d'operacíos.—Dotado de todos os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparato de Diatermia pra tratamento de Auxiles, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.

Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, rauquismo, aleucias, eczemas, etcétera. Admíense embarazadas, e contáse con material esterilizado pra fora de cibade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todalos enemelheiros nervio, conxuntivo, dos dígitos.

nosso os companheiros, previo consentimento dos diretores.

BODEGAS PEARES E OURENSE
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macia e Valciras. Apartado 18 - Ourense.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

LUIS FÁBREGA
Droguería e Farmacia
Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM
 De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
 Vendense entodol-os estabrecimentos do ramo
 Andrés Berille - OURENSE

M E R O U H E V O S T E D E

SÍNTESE XEGRÁFICA DE GALICIA

- P.O.P

Ramon Otero Pedrayo

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño
O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.^º de Mayo a 31 de Outubro